



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE CARBALLEDA DE VALDEORRAS PARA A PRESTACIÓN, POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA, DO SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA NO NÚCLEO DE SOBRADELO; MANTEMENTO DE PARQUES, FONTES PÚBLICAS, REIXAS E ZONAS AXARDINADAS DE SOBRADELO, E MALECÓNS DE SOBRADELO E SAN XUSTO.**

En Ourense, no Pazo Provincial, o 1 de novembro de 2010, comparecen:

Dunha parte, don José Luis Baltar Pumar, presidente da Deputación Provincial de Ourense.

Doutra parte, dona M.<sup>a</sup> del Carmen González Quintela, alcaldesa do municipio de Carballeda de Valdeorras.

Os comparecentes actúan na representación legal que lles corresponde verbo das entidades locais de referencia.

Dá fe do acto D. Francisco Cacharro Gosende, secretario xeral da Deputación de Ourense.

Os comparecentes recoñécense mutuamente capacidade para o outorgamento do presente acto, e na súa virtude

### EXPOÑEN

1º) Que, con data 28 de outubro de 2010, o Pleno do concello de Carballeda de Valdeorras aprobou a subscrición dun convenio de cooperación coa Deputación Provincial de Ourense, en virtude do cal se delegou na administración provincial o exercicio das competencias de ordenación, xestión e prestación do servizo municipal de limpeza viaria. Este mesmo convenio de cooperación foi aprobado polo Pleno da Deputación Provincial en data 29 de outubro de 2010.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

2º) Que, polo exposto, e no uso das facultades que lles confire o vixente ordenamento, as partes acordan subscribi-lo presente convenio de cooperación para prestación, por parte da Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, do servizo de limpeza viaria no municipio de Carballeda de Valdeorras, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- Obxecto

Constitúe o obxecto do presente convenio a regulación das condicións para a prestación, por parte da Deputación Provincial de Ourense, en réxime de competencia delegada, dos servizos de:

a) Limpeza viaria no núcleo de Sobradelo

Con frecuencia semanal:

- Varrido mecánico e/ou manual, segundo a zona, das seguintes rúas do núcleo de Sobradelo:
  - Ponte que une a N-536 coa travesía da estrada de Entoma.
  - Travesía da estrada de Entoma, coas súas correspondentes beirarrúas desde o seu inicio ata a última edificación do núcleo en dirección a Entoma, coa revisión diaria e varrido onde fose preciso do tramo da travesía comprendido entre o seu inicio e o entroncamento co acceso ó casco antigo de Sobradelo (Rúa do Cemiterio).
  - Travesía da N-536 coas súas correspondentes beirarrúas (Avda. Alcalde Leoncio Fernández Real), e zona do cruzamento da estrada de Casaio ata onde finalizan as beirarrúas existentes na marxe dereita da estrada de Casaio.
  - Rúas pavimentadas de lastro: rúa acceso desde a travesía de Entoma á Igrexa (Rúa A) e rúa peonil de acceso ó centro médico – desde a travesía de Entoma, así como o recinto da fonte artística existente entre a rúa peonil e a rúa de acceso á Igrexa (Rúa A).
  - Tramo de acceso ó casco antigo de Sobradelo (rúa do Cemiterio) desde o seu inicio ata a intersección coa rúa da Igrexa; así como o viario peonil que



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

partindo da edificación coñecida por “Bar Mar”, comunica entre sí a travesía de Entoma.

Con frecuencia mensual:

- Varrido mecánico e/ou mensual, segundo a zona, das seguintes rúas e espazos públicos.
  - o Rúa 25 de Xullo, que desde a ponte de Sobradelo conduce ata as piscinas municipais, así como a superficie pavimentada do malecón.
  - o Rúa de acceso ó casco antigo de Sobradelo (rúa do Cemiterio), desde a intersección coa Rúa da Igrexa ata o cemiterio, cos seus correspondentes entronques ou viarios existentes a ámbalas marxes (rúa Quello, rúa Currelada; rúa Fondo do Lugar, cruce camiño Valdestrela, rúa Cabeceiro e Foio de Abaixo, e a praza de Sobradelo Vello.
  - o Rúa de Villacristobo coas súas correspondentes beirarrúas.
  - o Vía de acceso á residencia da terceira idade desde a travesía da rúa de Entoma.
  - o Rúa que desde a fronte da casa do concello comunica entre sí a travesía de Entoma (rúa Francisco Neira).
  - o Viarios públicos da urbanización de “A Lagoa” en Sobradelo (vías de acceso ás vivendas sociais).
  - o Rúa da Costa desde a súa intersección coa travesía de Entoma ata a praza das antigas escolas de preescolar e praza 25 de Xullo.
  - o Varrido do acceso peonil (pasarela) que pola marxe esquerda da travesía da N-536 conduce ó barrio da Lagoa (Sobradelo)

Con frecuencia trimestral:

- Varrido mecánico e/ou manual, segundo a zona, das seguintes rúas:
  - o Rúa do antigo acceso á Villa de Quinta (camiño a Villa de Quinta).
  - o Rúa do camiño de Regueiros, desde a intersección da travesía da estrada de Entoma ata o final da superficie pavimentada, e o entroncamento co camiño do Queimón.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

- Rúa da Costa desde a intersección coa praza das antigas escolas de preescolar (Praza 25 de Xullo) ata enlazar coa travesía da rúa de Entoma, á altura do entroncamento coa rúa de Villacristobo.
- Rúa da Igrexa, rúa Galgueira e pasaxe acceso igrexa vella, ata onde termina o pavimento.
- Rúa Palomar.
- Varrido da superficie pavimentada que desde a N-536 conduce ós Areais

Outras prestacións:

- Rega no verán con frecuencia quincenal das rúas especificadas nos apartados anteriores con frecuencia de varrido semanal.
- Baleirado de papeleiras existentes nas vías obxecto de prestación do servizo de limpeza viaria e limpeza de mobiliario urbano existente nelas.
- O traballo de varrido e limpeza inclúe a recollida dos residuos sólidos urbanos (papeis, plásticos, etcétera) e o seu depósito nos contedores correspondentes.

b) Mantemento do parque público de Sobradelo. Inclúe as seguintes prestacións ou traballos para realizar:

- Varrido diario, agás domingos e festivos, de toda a superficie do recinto.
- Recollida diaria, agás domingos e festivos, de todo tipo de residuos que se atopen no recinto, así como a limpeza do mobiliario urbano e baleirado de papeleiras.
- Traslado de residuos ó lugar que se indique por quen represente ó concello na dirección e inspección da prestación do servizo.
- Mantemento da zona axardinada do recinto, co conseguinte cavado, limpeza de malas herbas, roza, rega, fertilizado, recorte e poda das plantas existentes no recinto, cuxos traballos se realizarán coa frecuencia requirida para un mantemento adecuado das plantas; dirixindo o crecemento das plantas gabeadoras sobre o muro de sustentación da travesía da estrada de Entoma.
- Mantemento de alcorques e poda anual das árbores existentes no recinto, e zona pública lindeira co parque.

c) Mantemento de fontes públicas:



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

1. Con frecuencia bimensual realización dos seguintes traballos na fonte artística de Sobrado.
    - Baleirado e limpeza dos circuítos, vaso e paredes mediante produtos químicos, desengraxantes, desinfectantes, etcétera.
    - Revisión da dosificadora e o seu recheo, con aplicación de alxicidas, etcétera, mantendo a auga en condicións normais de salubridade.
    - Regulación de chorros e control do funcionamento regular da fonte.
  2. Fonte pública anexa á rúa de acceso á Igrexa (marxe esquerda): limpeza do seu recinto coa frecuencia requirida para o mantemento dun axeitado estado de limpeza.
  3. Fonte pública de San Antonio no casco antigo de Sobrado: limpeza de todo o recinto cunha frecuencia mínima trimestral.
  4. Fonte de Regueiros de Augas en Sobrado con frecuencia semestral: roza do recinto, limpeza, lavado da zona pavimentada e limpeza do sistema de desaugue.
- d) Mantemento de zonas axardinadas de Sobrado, que comprende: a zona axardinada lindeira coa estación do ferrocarril e coa travesía de Entoma, a zona axardinada pública da Lagoa, o xardín da casa do concello e a zona axardinada do polideportivo de Sobrado; así como o mantemento dos espazos públicos do recinto do miradoiro existente na intersección da estrada de Casaio e N-536, o mantemento da zona pública de acceso á residencia da terceira idade de Sobrado e da zona do recinto escolar, coas seguintes prestacións ou traballos a realizar:
- Zonas de céspede: corte regular e periódico coa frecuencia requirida para un adecuado mantemento, sementado nas zonas calvas, rega e fertilizado.
  - Roza e limpeza do recinto do miradoiro e da zona de acceso á residencia da terceira idade coa frecuencia necesaria para o seu mantemento en condicións normais de limpeza.
  - Poda anual na época adecuada das árbores existentes no conxunto dos espazos públicos que comprende este apartado, incluíndo as roseiras e arbustos ornamentais, cos tratamentos fitosanitarios e fertilizados pertinentes.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

- Roza anual da zona do recinto escolar de Sobradelo, incluíndo o campo de fútbol anexo ás instalacións escolares.
- e) Mantemento de sumidoiros e reixas:
  - Limpeza de sumidoiros e reixas de augas pluviais existentes nas vías públicas no núcleo de Sobradelo coa frecuencia necesaria, incluíndo a limpeza do foxo de desaugue lindeiro co muro de sustentación de terras na zona do Cabeceiro, no casco antigo de Sobradelo.
- f) Mantemento dos malecóns de Sobradelo e San Xusto, coa prestación dos seguintes servizos:
  - Mantemento das zonas de céspede: corte regular e periódico, sementado de calvas, regas, rozas necesarias, limpeza de malas herbas e fertilizado.
  - Mantemento das plantas existentes, mantemento de alcorques e limpeza de paseos.

**SEGUNDA.- Delegación de competencias relativas ó servizo de limpeza viaria. Ámbito funcional, material, territorial e temporal.**

1. En virtude do presente convenio, o Concello de Carballeda de Valdeorras delega na Deputación Provincial o exercicio das competencias de ordenación, xestión e prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, así como as competencias sancionadoras na materia que, conforme coa lexislación vixente, lles correspondan ó concello.

2. A delegación das competencias de ordenación, xestión e prestación do servizo de limpeza viaria comprenderá o exercicio das seguintes funcións:

- a) A ordenación do servizo, incluíndo o establecemento ou modificación das súas condicións de prestación e a elaboración e aprobación da correspondente Ordenanza reguladora.
- b) A elección da forma de xestión do servizo, de entre as previstas na lexislación de réxime local.
- c) A planificación do servizo, así como a planificación e programación dos investimentos que procedan para a súa ampliación, desenvolvemento ou mellora.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

- d) O exercicio da potestade sancionadora, incluíndo a realización de inspeccións e comprobacións do cumprimento da normativa vixente en materia de limpeza viaria, así como a emisión de ordes de execución, cando legalmente proceda.
- e) A asunción, fronte terceiros, dos dereitos e obrigas que corresponderían ó concello asinante en tanto que titular do servizo nas relacións xurídicas derivadas da prestación do servizo que xurdan a partir do 1 de novembro de 2010.
- f) A dirección do persoal adscrito ó servizo, fronte ó que asumirá a condición xurídica de empregador, nos termos da lexislación laboral vixente.
- g) A organización dos traballos de limpeza, a realización de campañas de información entre a poboación, a resolución de reclamacións e, en xeral, a adopción de cantos actos e disposicións cumpran para garanti-la prestación normal, regular e continuada do servizo.
- h) A contratación da xestión indirecta do servizo, se é o caso.
- l) A contratación de prestacións accesorias ó servizo, así como a contratación de obras, subministracións, asistencia técnicas ou servizos necesarios para a súa xestión.
- m) A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados en exercicio das competencias delegadas.

2. Para os efectos deste convenio, enténdese que o servizo de limpeza viaria comprende as prestacións de limpeza das vías e espazos públicos situadas en solo urbano do municipio de Carballeda de Valdeorras.

3. As competencias delegadas exerceranse no territorio do concello delegante.

4. A delegación de competencias terá plenos efectos con data 1 de novembro de 2010. A súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2010, sen prexuízo da posibilidade da súa prórroga, de conformidade co establecido na cláusula 10ª.

**TERCEIRA.- Mecanismos de control do exercicio da delegación para a prestación do servizo de limpeza viaria.**

1. A delegación do exercicio das competencias relativas ó servizo de limpeza viaria non suporá cesión da titularidade da competencia, que en todo momento seguirá a ser municipal, delegándose unicamente o seu exercicio. Para tal efecto, establécense os mecanismos de control recollidos na presente cláusula, co obxectivo de garantir unha



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

participación cualificada do concello delegante na toma das decisións fundamentais relativas ó servizo, así como un axeitado control e seguimento do uso da delegación por parte da Deputación Provincial.

2. O exercicio das competencias delegadas por parte da Deputación Provincial requirirá autorización previa do concello delegante nos seguintes casos:

- a) Aprobación da Ordenanza reguladora do servizo, ou das súas modificacións.
- b) A elección da forma de xestión do servizo, de entre as previstas na lexislación de réxime local.
- c) A planificación e programación dos investimentos que procedan para a ampliación, desenvolvemento ou mellora do servizo, cando a súa contía exceda do 30 % do custo económico anual do servizo reflectido no estudo de custos do primeiro exercicio de vixencia ou, se é o caso, na última liquidación aprobada.

O outorgamento desta autorización corresponderalle ó órgano municipal competente por razón da materia, segundo a distribución de atribucións establecida na lexislación de réxime local.

No suposto en que a proposta da Deputación Provincial en calquera das materias enunciadas non obtivese autorización municipal, a comisión de seguimento do convenio queda facultada para proceder a estudar a posibilidade dunha proposta alternativa que poida ser aprobada polo concello delegante. En caso de optar por este procedemento, a comisión de seguimento deberá emitir a súa proposta alternativa, ou ben a ratificación da proposta inicial, no prazo máximo dun mes dende a recepción da denegación da autorización (ou, de se-lo caso, da última das denegacións, no suposto de seren varias) no Rexistro Xeral de documentos da Deputación Provincial, o que lle será comunicado ó concello afectado que, no prazo dun mes, adoptará o acordo que estime procedente sobre a proposta da comisión. No caso de que rexeitasen esta nova proposta, ou ben non contestase ó requirimento formulado, entenderase que renuncia á prestación delegada do servizo, procedéndose á extinción automática do convenio, que será acordada pola Presidencia da Deputación, xunto coa liquidación correspondente, e farase efectiva no prazo de tres meses contados dende o vencemento do prazo para a adopción do acordo municipal.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

3. O exercicio das competencias delegadas requirirá informe previo favorable da comisión de seguimento nos supostos seguintes:

- a) Acordos de modificación das condicións xerais de prestación do servizo que non impliquen modificación da Ordenanza reguladora do servizo, tales como os acordos sobre planificación xeral do servizo ou a modificación das prestacións que comprende.
- b) A planificación e programación dos investimentos que procedan para a ampliación, desenvolvemento ou mellora do servizo por importe igual ou inferior ó 30 % do custo económico anual do servizo estimado no primeiro exercicio de vixencia, ou do custo económico reflectido na derradeira liquidación anual aprobada.
- c) Os acordos para o establecemento das condicións para a adxudicación de contratos por importe de máis de 120.000,00 €, ou a subscrición de convenios de colaboración relacionados coa prestación do servizo.
- d) A formalización de convenios con outras administracións públicas.

4. Requirirá informe previo da comisión a aprobación da liquidación periódica do servizo regulada na cláusula quinta do presente convenio, e o cambio de adscrición, substitución ou baixa dos medios materiais adscritos ó servizo que teñan o carácter de bens inventariables.

5. O exercicio das competencias delegadas no resto de supostos poderá realizarse directamente polos órganos competentes da Deputación Provincial, sen prexuízo da dación de conta dos ditos actos á comisión de seguimento, cunha periodicidade mínima anual.

6. A comisión de seguimento, por unanimidade, poderá establecer directrices para o mellor funcionamento do servizo, que serán de obrigado cumprimento para a Deputación Provincial.

7. O concello delegante poderán obter ou solicitarlle, en calquera momento, información á Deputación Provincial sobre o exercicio das competencias delegadas, mediante escrito dirixido á Presidencia. A información deberá remitirse no prazo máximo de dez días hábiles dende que a solicitude tivese entrada no rexistro de entrada de documentos da Deputación Provincial.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

Sen prexuízo deste dereito, a Deputación Provincial manterá informada, de xeito periódico, á comisión de seguimento sobre a marcha do servizo.

**CUARTA.- Traspaso de medios persoais e materiais adscritos ó servizo.**

1. Transferiráselle á Deputación Provincial o persoal laboral que, procedente do Concello de Carballeda de Valdeorras, estivese adscrito de xeito exclusivo ó servizo de limpeza viaria do concello delegante. O dito persoal pasará a depender da Deputación Provincial durante a vixencia do convenio, nas condicións establecidas no artigo 44 do Estatuto dos Traballadores, e continuará rexéndose polo convenio colectivo que actualmente lle sexa de aplicación, de acordo co previsto no apartado 4 da dita norma.

2. En caso de revogación da delegación ou extinción por calquera causa da vixencia do convenio, o persoal transferido á Deputación Provincial reverterá á súa administración de orixe, entendendo por tal ó concello de Carballeda de Valdeorras. O concello contrae expresamente, para estes efectos, a obriga de asumir ó dito persoal nos supostos sinalados, recoñecéndoselle ademais ó dito persoal o dereito a conserva-las condicións e dereitos laborais adquiridos, se é o caso, en virtude de negociación coa Deputación Provincial conforme co establecido no apartado seguinte.

3. Ó abeiro do establecido no artigo 44.4 do Estatuto dos Traballadores, a Deputación Provincial poderá negociar e subscribir acordos ou convenios cos traballadores afectados ou os seus representantes, que teñan por obxecto os dereitos e obrigas integrantes da relación laboral. Será preceptivo, para a aprobación deste acordos ou convenios, o informe previo da Comisión de Seguimento do convenio de cooperación.

Unha vez aprobados, estes acordos ou convenios seranlles de aplicación ós traballadores afectados, que conservarán as condicións adquiridas na súa virtude incluso en caso de reversión ó concello de orixe, ata a extinción da vixencia dos ditos acordos ou convenios.

5. Con efectos do día 1 de novembro de 2010, quedarán adscritos ó servizo, transferíndose o dereito de uso á Deputación Provincial de Ourense, tódolos medios materiais municipais que ata ese momento estivesen destinados de xeito exclusivo ó servizo de recollida de residuos sólidos urbanos no termo municipal do concello delegante.

A Deputación Provincial poderá proceder ó cambio de adscrición dos ditos medios materiais e/ou á súa substitución por outros de nova adquisición ou procedentes doutros servizos provinciais, así como á súa baixa no inventario no momento no que a súa deterioración os volva inservibles para o servizo, tralo informe previo da comisión de seguimento, no caso de bens de carácter inventariable, e sen que en ningún caso o cambio de adscrición poida supoñer unha diminución da calidade do servizo prestado.

**QUINTA.- Réxime económico do servizo delegado.**

1. Para os efectos do establecido na presente cláusula, consideraranse custos do servizo tódolos custos directos ou indirectos, incluídos os de carácter financeiro, a amortización do inmovilizado e, se é o caso, os necesarios para garanti-lo mantemento e o desenvolvemento razoable e sostible do servizo.


2. Os custos do servizo delegado financiarase do seguinte xeito:

a) Os custos do persoal adscrito ó servizo serán financiados integramente polo concello de Carballeda de Valdeorras. Non obstante o anterior, non se lle imputarán, en ningún caso, ó concello, os custos do servizo consistentes en gastos de persoal provincial que non estea adscrito de xeito exclusivo a este servizo municipal delegado, nin os custos de funcionamento das unidades administrativas de carácter xeral da Deputación.

b) O resto de custos correntes do servizo serán financiados pola Deputación Provincial de Ourense, con cargo ás correspondentes partidas orzamentarias de cooperación municipal.

c) Os custos que correspondan a investimentos, incluíndo os custos financeiros asociados ós ditos investimentos, financiaranse conforme coas fórmulas que, en cada caso, se establezan por acordo da comisión de seguimento.

3. A Deputación Provincial aprobará a liquidación correspondente, coa periodicidade que se acorde na comisión de seguimento, que haberá de ser, como mínimo, anual. Unha vez aprobada e notificada ó concello, esta liquidación será executiva, procedendo a Deputación Provincial a facela efectiva con cargo ós tributos municipais cuxa xestión estea delegada na Deputación. No caso de que por causas excepcionais a recadación fose insuficiente para aboa-los ditos custos, a Deputación poderá compensalos con calquera dereito de crédito que





DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

o concello afectado teña contra a Deputación Provincial, trala tramitación previa do oportuno expediente de compensación de débedas.

**SEXTA.- Comisión de seguimento.**

1. Establécese unha comisión de seguimento do convenio, integrada polos seguintes membros:

a) En representación da Deputación Provincial:

- O presidente, ou deputado no que delegue. Corresponderanlle, ademais, as funcións de presidencia da comisión.
- O secretario xeral, o interventor, o xefe do Servizo de Augas e Medio Ambiente e o xefe do Servizo de Recursos Humanos, ou funcionarios que legalmente os substitúan, en tódolos casos con voz pero sen voto.

b) En representación do concello:

- A alcaldesa, ou concelleiro/a no/a que delegue, que poderá comparecer asistida de funcionarios ou técnicos municipais, estes últimos con voz pero sen voto.

As funcións de secretaría da comisión de seguimento corresponderanlle ó secretario xeral da Deputación, sen prexuízo da súa condición de vogal.

2. A comisión de seguimento terá carácter paritario, correspondéndolle un voto ó concello e outro á Deputación Provincial.

3. Son funcións da comisión as seguintes:

- a) Ser informada, polo menos anualmente, do estado de execución do convenio, así como das incidencias advertidas en cada exercicio.
- b) Informar calquera modificación ou novación do presente convenio.
- c) Coñece-las propostas, queixas ou suxestións que as partes poidan formularlles ó resto de entidades asinantes.
- d) Informa-los supostos de resolución do convenio.
- e) Emíti-los informes previstos na cláusula terceira do convenio.

4. A comisión de seguimento adoptará os seus acordos por maioría simple, agás naqueles casos nos que o presente convenio estableza un quórum diferente.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

5. No non previsto no presente convenio, o funcionamento da comisión de seguimento rexerese polas normas de funcionamento de órganos colexiados establecidas no Título II da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

**SÉTIMA.- Réxime xurídico.-**

O presente convenio terá natureza administrativa. A súa revisión en vía xudicial, así como a dos actos e acordos ditados na súa execución ou derivados deste, corresponderalles ós órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

**OITAVA.- Causas de resolución do convenio.-**

1. Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- a) Por mutuo acordo entre as partes.
- b) Por denuncia de calquera das súas partes, formulada cunha antelación mínima de tres meses ó remate de cada ano natural. En todo caso, a efectividade da resolución por denuncia de parte se entenderá referida sempre ó 1 de xaneiro do exercicio seguinte.
- c) Nos supostos de denegación da autorización municipal prevista na cláusula terceira, en cuxo caso se seguirá o procedemento regulado na dita cláusula.
- d) Por incumprimento de obrigas convencionais esenciais. Para a aplicación desta causa de resolución, a entidade interesada en resolve-lo convenio porá previamente en coñecemento da comisión de seguimento a existencia da dita causa de resolución, e a súa intención de resolvelo. Unha vez realizada esta comunicación á presidencia da comisión, esta procederá a convocar á comisión, que deberá reunirse nun prazo máximo de quince días hábiles, co fin de emitir informe sobre a procedencia da resolución. Emitido o informe da comisión, a entidade interesada adoptará a resolución que proceda.

2. Unha vez resolto o convenio, este entrará en liquidación, que formulará a Deputación Provincial, previa audiencia do concello afectado, e na que se incluírán os danos e perdas ocasionados polo incumprimento de obrigas convencionais, de se-lo caso. O pago das obrigas derivadas da dita reclamación poderá reclamárselle á entidade que se considere





DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

responsable, e contra o rexeitamento expreso ou tácito desta poderán interpoñerse os recursos e exercerse as accións contempladas no ordenamento vixente.

**NOVENA.- Duración do convenio.**

O presente convenio terá vixencia a partir do 1 de novembro de 2010, expirando o 31 de decembro de 2010.

Non obstante o anterior, ó seu remate, o convenio poderá ser obxecto de prórroga, por acordo expreso das partes, polos períodos que se establezan.

<p><b>O presidente da Deputación,</b></p>  <p><b>Asdo. José Luís Baltar Pumar</b></p>	<p><b>A alcaldesa de Carballada de Valdeorras</b></p>  <p><b>Asdo. M.ª del Carmen González Quintela</b></p>
<p><b>Dou fe, o secretario xeral da Deputación</b></p> <p><b>Asdo. Francisco Cacharro Gosende.</b></p> 